

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DEPORTIVA NO ÁMBITO RURAL LOCAL

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Administración Local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Ortigueira para o desenvolvemento de actividades de promoción deportiva no ámbito rural local.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.





III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Ortigueira o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ortigueira para o desenvolvemento de actividades de promoción deportiva no ámbito rural local.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Ortigueira é a cabeceira da comarca de Ortegal, e dispón de numerosos servizos a prestar a poboación, entre os cales están os sinalados no artigo 25,1,l da Lei 7/1985 de 2 de abril de reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia .

Entre estes servizos destacan una ampla diversidade de actividades deportivas que pretenden unha activación sa da poboación e un fomento da practica deportiva como un recurso de integración social e de interese publico por parte do Concello.

Preténdese desenvolver unha serie de actividades de promoción deportiva de varias especialidades, todo iso baseado nas necesidades de activación da poboación municipal.

Un dos problemas co que se atopa o Concello de Ortigueira é a falta de posibilidades de promoción de actividades pola distancia dos núcleos de actividade, o que supón que as poboacións rurais teñen dificultades para a promoción deportiva de determinados ámbitos.

Por iso desde o Concello preténdese abordar estas iniciativas para aproximar a promoción deportivas a todas as idades, pero neste ámbito, fundamentalmente as actividades infantís e xuvenís, aínda que non se esquecen as actividades de maiores.





A través das actuacións cuxa subvención se solicita, pretendese dotar de fondos as actividades promovidas polo servizo municipal de deportes, toda vez que na situación actual non se dispón de fondos suficientes para desenvolver ditas iniciativas.

As iniciativas propostas son:

A.- Actividades de promoción do deporte na rúa e popular:

- Carreira de montaña Montes de Couzadoiro
- Carreira popular
- Olimpíadas rurais de Couzadoiro e comarca
- Actividades hípcas na zona da parroquia de Mera
- Torneos parroquiais de deportes populares

B.- Actividades de promoción do surf e deportes náuticos

C.- Actividades de promoción da patinaxe

D.- Actividades de promoción do voleibol

E.- Actividades de promoción da actividade de maiores en diferentes parroquias.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Ortigueira de afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles





atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ortigueira.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrència pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrència pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención

Desenvolvemento de actividades de promoción deportiva no ámbito rural local, efectuando as seguintes actuacións:

A.- Actividades de promoción do deporte na rúa e popular

- Carreira de montaña Montes de Couzadoiro:

Carreira de montaña con participación de corredores, que se desenvolve nas montañas de Couzadoiro, parroquia do Concello de Ortigueira.

Os gastos corresponden a servizos profesionais e dotacións de material, por importe de 5.500 €, IVE engadido.

- Carreira popular:

Neste contexto abórdase a carreira popular Concello de Ortigueira para o mes de agosto de 2026. No primeiro caso trátase dunha consolidade carreira popular con participación de deportistas de todas as idades, nun circuito urbano, nun concepto de deporte para todos e de participación popular.

Os gastos corresponden a servizos profesionais e dotacións de materiais, por





importe de 1.500 €, IVE engadido.

- Olimpiadas rurais:

As Olimpiadas rurais de Couzadoiro son un exemplo de recuperación de actividades tradicionais cun compoñente lúdico e deportivo, onde as persoas participantes desenvolven tarefas de campo a través dunha práctica deportiva tradicional, relacionadas coas colleitas, picaraña e actividades tradicionais.

Os gastos corresponden a servizos profesionais e dotacións de materiais, por importe de 8.000 €, IVE engadido.

- Actividades hípicas:

Tratase da realización de diversas actividades de promoción da equitación a todos os niveis, dende cursos a torneos e competicións.

Os gastos corresponden a servizos profesionais e dotacións de materiais, por importe de 2.200 €, IVE engadido.

- Torneos parroquiais:

Dotacións de servizos profesionais e dotación de material para actividades deportivas que se desenvolven en diferentes parroquias para a potenciación do deporte popular e de rúa, nas diversas pistas polideportivas que ten o concello en diferentes parroquias.

Os gastos corresponden a servizos profesionais e dotacións de materiais, por importe de 1.000 €, IVE incluído.

B.- Actividades de promoción do surf e deportes náuticos

Destinados a contratación de servizos profesionais e dotacións de materiais especializados para a participación nos mencionados cursos de menores de idade.

Os gastos corresponden a servizos profesionais e dotacións de materiais, por importe de 4.500 euros, IVE engadido.

C.- Actividades de promoción da patinaxe

Abórdase unha extensión e ampliación do deporte da patinaxe, tanto nas escolas deportivas municipais, como nas actividades de rolling disk ou nos campus de verán, todo iso co obxectivo de hábitos deportivos que favorezan a práctica deportiva, así como a celebración de actividades de promoción da





patinaxe.

Ademais, a atención as escolas de base e a promoción, son un dos piares da proxección futura deste deporte.

A estimación de euros corresponde a servizos profesionais de e dotacións de material para as instalacións deportivas, por un importe de 7.200 €, IVE engadido.

D.- Actividades de promoción do voleibol

Outra das bases das actividades deportivas deste ano, o deporte feminino, expresouse dende o Concello para facer unha campaña de fomento do voleibol, como unha forma de atraer a poboación feminina á practica deportiva, sector sempre pouco participativo na Galicia rural.

Deste xeito iniciouse unha colaboración co Club Aldebarán, e conseguiuase unha participación de mais de 40 deportistas femininas, de idades entre 10 e 17 anos para a práctica do voleibol e a participación en competicións tipo Xogade e na liga federada.

O custo desta iniciativa está destinado fundamentalmente a servizos profesionais e dotacións complementarias de material, así como o desenvolvemento de torneos, e os alcanza os 13.600 euros.

E.- Actividades de promoción da actividade de maiores en diferentes parroquias

Unha das características da poboación rural é o incremento das terceiras idades e ademais, no caso de Ortigueira, a grande dispersión da poboación nos mais de 200 núcleos e 22 parroquias do termo municipal.

Por iso é fundamental a atención e a activación de actividade física en diferentes parroquias.

O custo desta iniciativa está destinado, fundamentalmente, a sufragar gastos de servizos profesionais en diferentes parroquias e dotacións de material e, alcanza os 14.500 €, IVE engadido.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á **cantidade de cincuenta e oito mil euros (58.000 €)** IVE incluído, segundo o contido do proxecto que consta na memoria xustificativa

VII. Importe e aplicación orzamentaria





Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, alcanzará a cantidade máxima de **cincuenta e oito mil euros (58.000€)** IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.460.0, código de proxecto 2015 00111**. Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

